



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

Datos Do Expediente:

CURSOS		
Unidade Tramitadora:		
Promoción e Emprego – MTAV		
Número expediente:	Documento:	
EMP/2024/1	EMP18I00I3	
7011 2Q40 3F24 6M39 0HJQ		

Asunto: Informe de valoración do perfil do profesorado e melloras (criterios avaliables automaticamente) presentadas para o Servizo para o desenvolvemento da acción formativa de operador/a carretilleiro/a + operador/a de plataformas elevadores PEMP.

Destinatario: Departamento de Contratación + expediente.

A funcionaria municipal que subscribe, xefa do servizo Servizo Sociocomunitario municipal, en relación co asunto de referencia, emite o seguinte informe:

1. Contexto e antecedentes

Tensen en conta o contexto e antecedentes recollidos no expediente de contratación CON/5/2024 para a contratación do servizo para o desenvolvemento da acción formativa de operador/a carretilleiro/a + operador/a de plataformas elevadores PEMP.

Examináronse os perfís do profesorado e as melloras das dúas empresas que se presentaron e continúan no procedemento de licitación, GESTIÓN PLUS, SLU (NIF B70162649) e GAM TRAINING APOYO Y FORMACIÓN, SL (NIF B74426636), e procedeuse a puntualas aplicando os criterios de avaliación recollidos no informe sobre os criterios de adxudicación e no prego técnico e administrativo.

2. Normativa aplicable

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014

Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán a contratación do servizo para o desenvolvemento da acción formativa de operador/a carretilleiro/a + operador/a de plataformas elevadores PEMP.

Prego de prescripcións técnicas para a Organización e desenvolvemento da acción formativa de operador/a carretilleiro/a + operador/a de plataformas elevadores PEMP.

3. Valoración:

Para esta valoración se teñen en conta os seguintes elementos:

- Perfil do profesorado. Puntuación máxima 15 puntos



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

Para avaliar a cualificación e experiencia do perfil profesional adscrito á execución do contrato, teranse en conta os seguintes criterios e puntuacións, a excepción do perfil mínimo esixido para ser docente, que non será avaliado neste proceso. A través do Anexo II cuberto, obtemos a seguinte información:

Perfil do profesorado	(ata 15 puntos)	Empresa presentada: GESTIÓN PLUS, SLU	Empresa presentada: GAM Training Apoyo y Formación, SL	Puntuación
Experiencia profesional na especialidade a impartir. Puntuarase 0,10 puntos por cada 30 días traballados ata un máximo de 4 puntos. Non se valorarán fraccións inferiores aos 30 días.	Ata 4 puntos	Presenta: 0 días	Presenta: 0 días	Gestión Plus: 0 puntos GAM: 0 puntos
Experiencia docente na especialidade a impartir, de forma presencial, nos últimos cinco anos. Puntuarase 0,10 puntos por cada 20 horas impartidas ata un máximo de 4 puntos. En caso de coincidir a experiencia laboral e a experiencia docente só se valorará a docente. A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20	Ata 4 puntos	Presenta: 2204 horas	Presenta: 0 horas	Gestión Plus: 4 puntos GAM: 0 puntos
Formación recibida na especialidade a impartir. Puntuarase 0,10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas. A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20	Ata 1 punto	Presenta: 100 horas	Presenta: 150 horas	Gestión Plus: 0,50 puntos GAM: 0,70 puntos
Formación recibida relacionada coa formación de formadores. Puntuarase 0,10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 2 puntos. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas. A cuantificación da valoración total será	Ata 2 puntos	Presenta: 100 horas	Presenta: 150 horas	Gestión Plus: 0,50 puntos GAM: 0,70 puntos



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

por múltiplos de 20 Formación recibida relacionada coa formación en plataformas de teleformación e teletutoría Puntuarse 0,10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas. A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20	Ata punto 1	Presenta: 50 horas	Presenta: 60 horas	Gestión Plus: 0,20 puntos GAM: 0,30 puntos
Formación recibida relacionada coa formación en igualdade. Puntuarse 0,10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas. A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20	Ata punto 1	Presenta: 50 horas	Presenta: 0 horas	Gestión Plus: 0,20 puntos GAM: 0 puntos
Formación recibida relacionada coa formación en sensibilización medioambiental. Puntuarse 0,10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas. A cuantificación da valoración total será por múltiplos de 20	Ata punto 1	Presenta: 20 horas	Presenta: 0 horas	Gestión Plus: 0,10 puntos GAM: 0 puntos
Formación recibida relacionada coa formación en inserción laboral e orientación laboral. Puntuarse 0,10 puntos por cada 20 horas recibidas ata un máximo de 1 punto. Non se valorarán accións inferiores a 20 horas. A cuantificación da valoración total será	Ata punto 1	Presenta: 20 horas	Presenta: 0 horas	Gestión Plus: 0,10 puntos GAM: 0 puntos



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

por múltiplos de 20			
Total	15 puntos	Total: 5,60 puntos	Total: 1,70 puntos

b) MELLORAS. Puntuación máxima 25 puntos.

Para avaliar as melloras propostas, teranse en conta os seguintes criterios e puntuacións.

Melloras	(ata 25 puntos)	Empresa presentada: GESTIÓN PLUS, SLU	Empresa presentada: GAM Training Apoyo y Formación, SL	Puntuación
Módulos transversais non previstos no prego, relacionados coas seguintes temáticas: perspectiva de xénero, a sensibilización medioambiental, a orientación laboral e busca de emprego, o emprendemento, TICs relacionados con programas específicos que se utilicen na profesión de referencia. Este incremento de horas lectivas non poderá superar o límite previsto de duración da acción formativa, debéndose sumar ás horas diarias da acción formativa. Non se poderán computar as horas para a realización de actividades doutras melloras presentadas. Non se valorarán aquelas actividades nas que non se detalle o obxectivo, a metodoloxía, o cronograma de actuación en relación ao módulo de impartición, e unha avaliación do resultado da mesma. Puntuarase con 1 punto por cada hora presencial incrementada ata un máximo de 15 puntos	Ata 15 puntos	Presenta un módulo de PRL sector naval + medio ambiente naval, das que 8 horas son presenciais. Outro de Orientación laboral e busca de emprego (5 horas) e de Igualdade de oportunidades (5 horas).	Presenta 15 horas nos seguintes módulos transversais: Perspectiva de xénero (5 horas), Sensibilización ambiental (5 horas), e TICs aplicados ao sector, orientación laboral e busca de emprego ou emprendemento (5 horas).	Gestión Plus: 15 puntos GAM: 15 puntos
Organización de charlas complementarias xustificadas con persoal experto que estea traballando na	Ata 5 puntos	Presenta unha charla de 1,5 horas, dun responsable de prevención de empresa loxística.	Presenta dúas charlas de 1,5 horas de duración cada unha con persoal experto dos seus	Gestión Plus: 2,5 puntos GAM: 5 puntos



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

<p>profesión de referencia, e que lles explique ao alumnado o día a día do seu traballo. Tamén se aceptarán charlas de persoal experto que se dedique á selección de persoal nestas profesións. As charlas non superarán a hora e media.</p> <p>Estas charlas serán a continuación, ou antes, do horario da acción formativa e se contabilizarán como horas a maiores da docencia, pero non se incluirán nos apartados anteriores de melloras.</p> <p>Non se valorarán aquelas actividades nas que non se detalle o obxectivo da charla, a metodoloxía, o cronograma de actuación en relación ao módulo de impartición, e unha avaliación do resultado da misma.</p> <p>Puntuarse con 2,50 puntos por cada charla presencial ata un máximo de 5 puntos</p>			departamentos de RRHH e prevención de riscos laborais e outra charla cun operador de carretillas e plataformas PEMP.	
<p>Organización de visitas profesionais relacionadas coa acción formativa a instalacións nas que se desenvolvan as profesións de referencia do prego.</p> <p>O transporte necesario para realizar a visita será a cargo da adxudicataria.</p> <p>Estas visitas serán en horario da acción formativa e se contabilizarán como horas a maiores da docencia, pero non se incluirán nos apartados anteriores de melloras.</p> <p>Non se valorarán aquelas actividades nas que non se detalle o obxectivo da visita, a metodoloxía, o cronograma de actuación</p>	Ata puntos	5	Presenta unha visita a unha empresa alugadora de maquinaria.	Presenta dúas visitas ás súas instalacións no Polígono Vilar do Colo, con distintos obxectivos e itinerarios Gestión Plus: 2,50 puntos GAM: 5 puntos



CONCELLO DE NARÓN

NARÓN

en relación ao módulo de impartición, e
unha avaliación do resultado da mesma.
Puntuarase con 2,50 puntos cada visita
ata un máximo de 5 puntos

Total	25 puntos	Total: 20 puntos	Total: 25 puntos	
-------	-----------	-------------------------	-------------------------	--

4. Conclusións

GESTIÓN PLUS, SLU acada a puntuación total de 25,60 puntos

GAM TRAINING APOYO Y FORMACIÓN, SL acada a puntuación total de 26,70 puntos.